

I.E.S. DE MONTERROSO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

CURSO 2021/2022

MÚSICA: 2º - 3º - 4º ESO

Hª DA MÚSICA E DA DANZA: 2º BAC

ÍNDICE

1. CONCEPTOS CLAVE.....	3
2. CONTEXTO.....	5
a. Contexto do centro e do alumnado	
b. Obxectivos adaptados ao contexto	
c. Obxectivos ESO	
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS 2º ESO.....	13
4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE 2º ESO.....	16
5. AVALIACIÓN 2º ESO.....	22
6. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS 3º ESO.....	26
7. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE 3º ESO.....	29
8. AVALIACIÓN 3º ESO	35
9. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS 4º ESO.....	41
10. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE 4º ESO.....	44
11. AVALIACIÓN 4º ESO	49
12. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS DE Hª DA MÚSICA E DA DANZA 2º BAC.....	58
13. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE 2º BAC.....	63
14. AVALIACIÓN 2º BAC	69
15. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	72
a. Estratexias metodolóxicas	
b. Outras decisións metodolóxicas	
16. COMPETENCIAS	74
17. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	76
18. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	77
19. PLAN ANUAL DE LECTURA	78
20. OUTRAS AVALIACIÓNS.....	79
a. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	
b. Avaliación da programación didáctica	
21. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	83
a. Medidas ordinarias	
b. Medidas extraordinarias	
22. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	87
23. DATOS DO DEPARTAMENTO.....	87
24. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29).....	88

1. CONCEPTOS CLAVE

Orde OCD 65/2015 (BOE 29/01/2015)

Desenvolvemento curricular: 2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE.

Programacións didácticas: 3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.

Programación de aula: 4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.

Programación didáctica: Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino – aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1) Que, cando e como ensinar; 2) Que, cando e como avaliar; 3) Como atender á diversidade.

Criterios de avaliación: Son os que deben servir de referencia para valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares.

Estándares de aprendizaxe: Especifican os criterios de avaliación concretando o que o alumno debe comprender, saber e saber facer. Pretenden graduar o rendemento ou o logro do acadado. Deben ser observables, medibles e avaliáveis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro.

Indicadores de logro: Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa gradación sería a rúbrica. (*O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica*)

Grao de consecución dun estándar: Serve para sinalar o *grao mínimo de consecución* esixible dun estándar para superara a materia (*Art. 13º, 3d da Resolución 27/7/2015*) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)

Estándares imprescindibles: Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%.
(*Galicia non os menciona*)

Criterios de cualificación e instrumentos: Serven para ponderar o “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.

Procedementos e instrumentos: Foron fixados no Proxecto curricular do Ministerio en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios.
"Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver art. 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)).

Rúbrica: Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.

Portfolio: Achega de producións dun/dunha alumno/a.

Graduación dos estándares: Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa.

Perfil de área: Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (*Ver art. 5º, 6 Orde ECD 65/2015*)

Perfil competencial: Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (*Ver art. 5º, 7 Orde ECD 65/2015*)

Avaliación das competencias: "A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (*Art. 7º,3 da Orde ECD 65/2015*)

Nivel de desempeño das competencias: "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (*Art. 7º, 4 da Orde ECD/65/2015*)

Tarefa: É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.

Identificación de contidos e criterios: *Exemplo:* B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque

Identificación de estándares: *Exemplo:* XH B1.1.2

XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia

B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar

1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar

2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

2. CONTEXTO

A. Contexto do centro e do alumnado.

1) Características do centro.

Situación:

O I.E.S de Monterroso está situado no núcleo de poboación de Monterroso que limita ó norte cos concellos de Guntín e Palas de Rei; ó oeste con Palas de Rei e Antas de Ulla; ó este con Portomarín, Taboada e Guntín, e o sur con Taboada e Antas de Ulla.

A extensión do concello de Monterroso é de 114, 6 Km² e sitúase no Suroeste da provincia de Lugo, practicamente no centro desta. É unha comarca eminentemente rural, aínda que cada vez faise máis apreciable o proceso de concentración urbano propio destes tempos.

O concello de Monterroso ten un total de 4529 habitantes. O núcleo urbano, con 1774 h, constitúe o 37,9% da poboación total, en comparación cos 22 núcleos rurais con menos de 100 h. que representan só o 31,1%. Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento da poboación e a regresión do sector primario.

Desde o punto de vista socioeconómico o concello de Monterroso caracterízase polo elevado peso do sector primario, aínda que algunhas familias do núcleo urbano dedícanse ó sector servizos. Tamén hai pequenas industrias, que representan o 15% da actividade económica.

O Concello de Antas de Ulla pertence á provincia de Lugo, está a 45 quilómetros da capital provincial e sitúase no Centro Xeográfico de Galicia. Limita ó norte con Palas de Rei, ó sur con Taboada e a provincia de Pontevedra, no leste con Monterroso, e no oeste coa provincia de Pontevedra.

Situado na vertente norte da Serra do Farelo, a súa paisaxe, eminentemente marcada polo Monte Farelo (956 m) e o río Ulla, caracterízase por sinuosas montañas que rodean a conca do río, formando unha planicie de suave relevo cuberta por grandes extensións de árbores, sendo os máis característicos os carballos e castiñeiros.

Cunha superficie de 104 km² conta con 2600 h distribuídos en 28 parroquias que albergan uns 100 núcleos de poboación.

A economía do municipio basease no sector primario, principalmente agricultura e gandería, que ocupa ó 60% da poboación activa. Compre subliñar a relevancia da gastronomía, con tres produtos que a lideran: o pan de Antas, o queixo da Ulloa e maila carne.

Centros adscritos:

A maior parte do alumnado que acude ao centro procede dos centros de primaria adscritos o noso IES, estes centros son:

- C.E.I.P. de Monterroso.
- C.E.I.P. de Antas de Ulla

Estas dúas poboacións están integradas dentro da comarca da Ulloa, marcada pola configuración natural do río Ulla, vértebra principal que inflúe na distribución territorial da poboación.

Ensinanzas que oferta:

Actualmente, no centro impártense as seguintes ensinanzas.

ENSINANZAS	EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA			Primeiro	
				Segundo	
				Terceiro	
				Cuarto	
	ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS	Bacharelato	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Humanidades	Primeiro e segundo
				Modalidade de Ciencias Sociais.	
			Modalidade de Ciencias		
		Formación Profesional	Formación Profesional Básica: <i>“Informática e Comunicacions”</i>		
			Ciclo Formativo de Grao Medio: <i>“Sistemas Microinformáticos e de Redes”</i>		Primeiro e segundo

Características singulares:

O centro organízase dende o curso 2012/2013 (con excepción dos cursos con COVID) con “Aulas Materias”, o que permitiu entre outras cousas a implantación das Bibliotecas de Aula. A avaliación positiva realizada dende entón anímanos a continuar coa súa implantación e a mellorar este xeito de organizarnos.

O IES de Monterroso leva dende o ano 2009 no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

En xuño de 2010 participamos no concurso a nivel nacional “ Boas Prácticas na Biblioteca Escolar” onde acadamos un segundo premio na modalidade de Ensino Secundario.

Non foi así, de maneira excepcional, durante os cursos con COVID (2020-2021 e 2021-2022).

Funciona unha “Biblioteca Familiar”, a cal achegou títulos relacionados coa educación e a aprendizaxe ás nais e pais do noso alumnado, funcionando catro clubs de lectura, dous de rapaces e un de pais/nais, onde o profesorado, os pais/nais e xente do pobo nos mesturamos para desfrutar da lectura. Na sala do profesorado hai unha biblioteca activa onde o profesorado intercambia e presta os seus títulos preferidos.

Participamos no Plan Abalar.

O centro ten unha sección bilingüe en matemáticas no nivel de 3º e 4º da ESO.

Traballamos co programa para a prevención do acoso escolar “Titoría entre iguais” e neste curso iniciamos o programa “Educación Responsable” un programa formativo en intelixencia emocional para alumnado e profesorado que combinamos cos outros programas nos que intervimos.

No noso centro funciona un equipo de alumnado mediador que participa nos “Encontros anuais do Alumnado Mediador” organizados en Galicia dentro do programa “Vivir xuntos, convivir”.

Dentro dos “Contrato programa” organizamos diversas actuacións: o programa PROA de atención ao alumnado fora do horario escolar; os “Encontros coas familias” nos que organizamos charlas e obradoiros co fin de achegarnos ás familias e reflexionar xuntos sobre a educación dos adolescentes. facer un intercambio construír e enriquecer a comunidade educativa; distintos obradoiros de relaxación, técnicas de estudo, encontros con persoeiros galegos, etc.

O equipo directivo dinamiza e apoia as distintas iniciativas que xorden e está inmerso e comprometido en tódalas actividades que se organizan e nas que participamos.

Non foi así, de maneira excepcional, durante os cursos con COVID (2020-2021 e 2021-2022).

As actividades propostas serán reflectidas na páxina do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmonterroso/>

2) Características do alumnado:

Este centro é o único da vila polo que todo o alumnado escolarízase nel.

Os fillos de funcionarios do centro de penitenciaría chegan de todas as rexións ata aquí. Tamén obsérvase un fluxo de emigrantes retornados procedentes do País Vasco e Cataluña. O mesmo tempo, cada ano estase a producir un incremento de inmigrantes procedentes de Portugal e Sudamérica.

Outra institución que aporta alumnado a este centro é a “Casa de Acollida” de menores que atende a menores en situación de desprotección e leva funcionando dende fai moitos anos.

Todas estas familias envían os seus nenos ao único instituto do pobo, o IES de MONTERROSO, o que contribúe á singularidade e riqueza cultural do noso alumnado.

Achéganse, tamén, ao noso centro educativo, rapaces de concellos fronteirizos, Taboada e Portomarín.

Lingua materna dominante:

O alumnado escolarizado no centro é maioritariamente galego falante.

Alumnado con NEAE no curso actual:

Un dos aspectos máis salientables é a diversidade inherente as características individuais de cada alumno e alumna. Esta diversidade maniféstase nas diferentes formas de pensar e proceder máis ou menos indutivas, dedutivas, creativas, críticas...É facilmente contrastable a diferenza no dominio dos coñecementos previos que facilitan a adquisición de aprendizaxes de niveis superiores.

Tamén son diversos, entre o alumnado, os contidos de estudo, os métodos de traballo e os niveis de interese e motivación, situación que se fai máis evidente co paso do tempo. Igualmente, son diferentes na capacidade de centrarse no traballo e na cantidade e calidade dos contidos de aprendizaxe.

No centro tamén se escolariza alumnado procedente de minorías étnicas e culturais.

Ademais, das características diferenzas inherentes á totalidade do noso alumnado, podemos sinalar a escolarización no centro de alumnado con Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo. Dentro desta categoría no curso actual está escolarizado o seguinte alumnado:

- Alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a alteracións do comportamento por presentar TDAH.
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de condicións persoais ou historia escolar asociadas con:
 - Pertenza a minorías étnicas, situación sociocultural desfavorable e atraso escolar.
 - Situación sociocultural desfavorable e medidas de protección e tutela.
 - Situación sociocultural desfavorable grave.
 - Problemas de saúde.

Os problemas sociais detectados son:

Abandono escolar, absentismo, familias desestructuradas, alumnado de integración tardía. De xeito puntual obsérvanse casos de acoso escolar.

Aparte da labor docente, consideramos moi importante a influencia que os docentes exercemos como modelo e guía, nesta etapa tan complexa que é a adolescencia, xa que isto posibilita que as perspectivas do alumnado se amplíen e enriquezan.

B. Obxectivos adaptados ao contexto.

C. Obxectivos ESO

- 1) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- 2) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- 3) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- 4) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- 5) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- 6) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- 7) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- 8) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- 9) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- 10) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- 11) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- 12) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- 13) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- 14) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2º DE ESO

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS DE MÚSICA (2º ESO)

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓN
1ª AVALIACIÓN		BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA.		
	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: pentagrama, clave de sol, notas no pentagrama.	Set. – Out.	
	B1.7	Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.	Set. – Out.	
	B2.7	Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	Set. – Out.	
	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: pulso, figuras, plicas, compás, compases básicos.	Out. – Nov.	
	B2.2	Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.	Out. – Nov.	
	B2.4	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical (ritmo, melodía, forma, harmonía, textura).	Out. – Nov.	
	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: signos de prolongación, signos de repetición.	Nov. – Dec.	
	B1.4	Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.	Nov. – Dec.	
	B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e das agrupacións vocais.	Nov. – Dec.	
	B2.5	Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	Nov. – Dec.	
	B2.7	Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	Nov. – Dec.	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓNS
2ª AVALIACIÓN		BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA.		
	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: ton e semitón.	Xan. – Feb.	
	B1.3	Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.	Xan. – Feb.	
	B2.2	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: dinámica e agóxica.	Xan. – Feb.	
	B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: os instrumentos de corda na orquestra.	Xan. – Feb.	
	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: as alteracións.	Feb. – Marzo	
	B2.1	A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.	Feb. – Marzo	
	B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: os instrumentos de vento na orquestra.	Feb. – Marzo	
	B2.4	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: carácter e expresión.	Feb. – Marzo	
AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓNS
3ª AVALIACIÓN		BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN BLOQUE 2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS.		
	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: escalas, graos da escala.	Abril – Maio	
	B1.4	Agrupacións instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas: os instrumentos galegos.	Abril – Maio	
	B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: os instrumentos de percusión.	Abril – Maio	
	B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: os instrumentos Orff (instrumentos da aula).	Abril – Maio	
	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: intervalos e acordes.	Maio – Xuño	
	B3.1	A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica ou publicitaria.	Maio – Xuño	
	B3.2	Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	Maio – Xuño	
	B3.3	Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.	Maio – Xuño	
	B3.5	Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.	Maio – Xuño	

	B3.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación, Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	Maio – Xuño	
	B4.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e o seu desfrute.	Maio – Xuño	

CONTIDOS COMÚNS A TODAS AS AVALIACIÓNS (2º ESO)

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓNS
TODAS AS AVALIACIÓNS		B1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. B2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS.	Estes contidos serán tratados durante todo o curso.	
	B1.6	Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.		
	B1.8	Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.		
	B1.10	Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e aos/as demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		
	B1.11	Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.		
	B1.12	Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.		
	B1.15	Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.		
	B2.1	Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.		
	B2.5	Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.		
	B2.6	Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.		
	B3.4	Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.		
	B3.5	Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.		

	B4.1	Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
	B4.2	Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistras as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
	B4.3	Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
	B4.4	Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
	B4.5	Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións propias e alleas.
	B4.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e o seu disfrute.

Terase en conta que pode haber contidos imposibles de impartir debido á actual situación, ben por non dispoñer de aula de informática e ordenadores para todos os alumnos, ben pola propia imposibilidade física que conleva a falta de mobilidade do alumnado dentro da aula.

4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE (2º ESO)

BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN (2º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X			X	X	X	
B1.1	MUB1.1.1	CCEC, CCL	Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	50%	X	X	X								

	MUB1.1.2	CCEC, CMCCT	Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	50%	X	X	X								
	MUB1.1.3	CCEC, CMCCT	Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	20%	X	X	X								
B1.2	MUB1.2.1	CCEC	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)	50%	X	X	X								
B1.3.	MUB1.3.1	CAA, CCEC	Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os ritmos máis comúns.	20%			X								
B1.4.	MUB1.4.1	CAA, CCEC	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	50%		X	X								
	MUB1.4.4	CCEC	Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	30%			X								
B1.5.	MUB1.5.1	CAA, CCEC	Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	20%			X								
	MUB1.5.2	CSIEE	Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	50%			X								
B1.6.	MUB1.6.1	CCEC	Practica, interpreta e memoriza pezas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	30%			X								
	MUB1.6.2	CCEC	Practica, interpreta e memoriza pezas do patrimonio español e galego.	30%			X								
	MUB1.6.3	CSC	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	50%			X								
	MUB1.6.4	CSC	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao /a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	50%		X	X								

BLOQUE 2: ESCOITA (2º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
									X	X			X	X
B2.1.	MUB2.1.1	CCEC	Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	50%	X		X							
	MUB2.1.2	CCEC	Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	50%	X	X	X							
B2.2.	MUB2.2.1	CCEC	Sigue partituras como apoio á audición.	20%			X							
B2.3.	MUB2.3.1	CSC	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	100%			X							
	MUB2.4.1	CCL, CCEC	Describe os elementos das obras musicais propostas.	40%	X	X	X							
B2.4.	MUB2.4.2	CCEC	Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	20%	X	X	X							
	MUB2.4.3	CCL	Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, suízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	50%	X	X	X							
B2.5.	MUB2.5.1	CSC	Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	50%			X							
	MUB2.5.2	CSIEE, CD	Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	20%		X								

BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS (2º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
								X	X	X				X
B3.1	MUB3.1.2	CCEC	Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	100%	X	X	X							
B3.2	MUB3.2.1	CCEC	Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	50%			X							
B3.3	MUB3.3.1	CCEC	Valora e respecta a importancia do patrimonio español e galego.	100%			X							
	MUB3.3.2		Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	50%			X							
	MUB3.3.3		Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	40%	X	X	X							
B3.4	MUB3.3.4	CCEC, CSIEE	Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	20%			X	X						
	MUB3.4.1	CCL	Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	50%	X	X	X							
	MUB3.4.2		Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	40%	X	X	X							
B3.5	MUB3.5.1	CD	Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	20%			X							
	MUB3.5.2	CAA	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	50%				X						

BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS (2º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA X	TIC X	EMP X	EC	PV
B4.1	MUB4.1.1	CD	Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	20%			X							
B4.2	MUB4.2.1	CD	Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	20%		X	X							

BLOQUE 5: ACTITUDES (2º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE X	CA X	TIC	EMP X	EC X	PV X
B1.4	MUB1.4.1	CSC, CCEC	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	50%			X							
B1.5	MUB1.5.2	CSC, CCEC	Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	60%		X	X							
	MUB1.6.3	CSC, CCEC	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do/a profesor/a e dos/das compañeiros/as.	100%			X							

B1.6	MUB1.6.4	CSC, CCEC	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	50%		X	X							
	MUB1.6.5	CSC, CCEC	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	60%		X	X							
B2.3	MUB2.3.1	CSC, CCEC	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	100%			X							
B2.5	MUB2.5.1	CSC, CCEC	Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	60%	X		X							
B3.2	MUB3.2.1	CSC, CCEC	Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	40%		X	X							
B3.3	MUB3.3.1	CSC, CCEC	Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.	30%	X	X	X							
B3.5	MUB3.5.2	CSC, CCEC	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	20%		X	X							

LENDAS DE COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDAS TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

5. AVALIACIÓN (2º ESO)

1. Avaliación inicial

Data de realización:

Con carácter xeral realizarase durante o primeiro mes do curso escolar.

Descrición das probas:

A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, eventualmente en exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

Consecuencias dos resultados:

A avaliación inicial servirá como punto de referencia para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno/a.

Información ás familias:

Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia e /ou co/a titor/a do grupo, incluso a través do equipo de orientación.

2.- Avaliación continua

Temporalización das probas de avaliación:

Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico. En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores.

Cualificación das probas:

A cualificación de cada traballo, unha parte destes calcularase sobre 10 puntos e outra parte destes traballos valoraranse con positivos (+0,10) e/ou negativos (-0,10). O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

No caso de exames de recuperación de contidos teóricos a nota será dun 5 se o resultado acadado é dun 5, 6 ou 7; será dun 6 cando o resultado acadado na proba sexa dun 8, 9 ou 10.

A observación directa do traballo do/a alumno/a na aula cualifícase cunha nota numérica de 0 a 10, así como mediante positivos ou negativos recollidos no caderno do/a profesor/a. O valor de positivo e/ou negativo (0,10) dependerá do esforzo, interese e actitude do/a alumno/a en relación cos estándares correspondentes.

Media, ponderación e redondeo:

Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado.

Un 40% dividirase entre as distintas probas (escritas ou prácticas).

O 30% restante, exercicios de ritmo ou traballos de clase, relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ao grao mínimo de consecución dos estándares.

O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do/a profesor/a e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.

Instrumentos de avaliación:

Cuestionarios escritos impresos ou a través da aula virtual, traballos de aula ou tarefas de casa, revisións do caderno de clase das actividades da materia, probas orais (presentacións ou exposicións) e probas escritas, resumos e esquemas, exercicios prácticos de interpretación rítmica, instrumental ou da práctica habitual nas clases.

Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:

Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.

A consecución dun ambiente de concentración no traballo.

O esforzo do/a alumno/a nas tarefas.

Os aspectos recollidos no bloque 5 do punto 7 da Programación.

Recuperación dunha proba non superada:

Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación.

Recuperación dunha avaliación non superada:

A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente. Farase unha a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes.

Os contidos prácticos (ritmo, instrumental) poden darse por recuperados automaticamente se se acadou o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.

Cualificación da avaliación final ordinaria:

Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, e que a nota media destas sexa superior a cinco. Para determinar a cualificación final terase en conta a media das tres avaliacións, así como a tendencia das cualificacións ao longo do curso, ademais dos aspectos actitudinais sinalados no apartado 5 do bloque7 dos criterios de cualificación.

No caso en que a única avaliación aprobada sexa a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.

No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.

Aspectos específicos en torno á avaliación

Anulación de probas:

Unha proba terá unha calificación de 0 no caso de que o alumno/a sexa sorprendido tratando de copiar nela, calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.

Tarefas:

A non realización das tarefas encomendadas (calquera que sexa o seu formato) terá incidencia no bloque relativo ás actitudes e será interpretado como unha manifestación de falta de interese e compromiso cara á materia. Do mesmo xeito a non realización de polo menos o 20% das tarefas encomendadas impide a avaliación positiva na materia.

Terá incidencia negativa ata en 2 puntos na avaliación cando o alumno/a non trouxese o material de traballo a clase de maneira reiterada.

3.- Avaliación final

Proba de avaliación final:

Para o/a alumno/a que teña unha media das tres avaliacións que non chegue ao 5.

O valor de dita proba será o 50% da nota final. O 50% restante será o acadado polo alumno coa entrega dos traballos propostos polo/a profesor/a.

Critérios para a promoción:

O equipo docente estimará, tomando como referente á madureza do/a alumno/a, a decisión sobre a posibilidade de que poida avanzar ao seguinte curso.

4.- Avaliación extraordinaria

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos.

O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

5.- Recuperación e avaliación de pendentos de cursos pasados

Non hai alumnado coa materia pendente de música de cursos pasados.

Anexo COVID

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL.

1. Avaliación, cualificación, estándares.	
Avaliación	Procedementos: Análise de distintas tarefas, traballos e participación do alumnado ou grupo (positivo, en cuarentena...) por medios telemáticos, nas clases por vídeo chamada e/ou nas titorías individuais realizadas, e de chegar a ser posible, semipresenciais.
	Instrumentos: Traballos escritos, cuestionarios en liña, participación nas vídeo-conferencias, probas prácticas ou orais individuais por vídeo chamada.
Cualificación final	Tendo en conta que a avaliación é continua terase en conta as notas da actividade presencial, que se poderán mellorar coa participación nas actividades e tarefas realizadas durante a actividade semipresencial ou non presencial (confinamento ou peche do Centro). A ponderación será de 60% valoración de traballos e 40% proba escrita ou oral (medios telemáticos).
Proba extraordinaria de setembro	Proba escrita cunha estrutura similar ás feitas durante os períodos presenciais.
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	En caso de educación semipresencial dun/ha alumno/a ou grupo: os estándares que se traballen durante o periodo semipresencial. En caso de educación non presencial, de confinamento ou peche do Centro: Os estándares que teñan un valor do 100% na programación.
Adquisición de estándares e competencias non adquiridas no curso 2020/2021	Non procede. Todo o alumnado de Música ten adquiridos os estándares e competencias imprescindibles durante o curso 2020/2021.

2.- Metodoloxía e actividades	
Actividades	<p>Traballos escritos, traballos de investigación, de reforzo, repaso, recuperación e ampliación. Propostas para o visionado de vídeos musicáis ou sobre análises traballadas. Propostas para gravación, con interpretación de frauta doce. Lectura e interpretación musical mediante fichas e partituras.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía empregada buscará que a aprendizaxe adquirida polo alumno sexa significativa. O/A alumno/a adquirirá os contidos conceptuais e actitudinais necesarios en moitas ocasións a través da axuda dos contidos procedementais, e decir é importante que o alumno adquira vivencias coa música a partir da experiencia. Dita experiencia leva da man por un lado actitudes imprescindibles para a súa realización, e polo outro lado os conceptos necesarios para a súa comprensión.</p> <p>Tratase dunha metodoloxía activa, na que o alumno busca e constrúe o propio aprendizaxe. A música apréndese facendo música (escoita e interpretación), e traballando tamén a teoría dende a práctica.</p> <p>O/A alumno/a con conectividade pode acceder a todo o material da Aula Virtual do centro e descargalo. O/A alumno/a sen conectividade disporá de traballos enviados por correo ou por telefonía móbil. Reunións por videoconferencia webex con convocatoria a través de AbalarMóbil e correo electrónico.</p>
Materiais e recursos	<p>Material da Aula Virtual para 2º de Bacharelato. Libro de texto de referencia DIXITAL (Edixgal) para secundaria. Fichas de teoría, linguaxe musical e partituras da aula virtual. Soportes informáticos: vídeos da aula virtual. Recursos de internet e móbil do/a alumno/a. Plataforma webex.</p>

3º DE ESO

6. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS DE MÚSICA (3º ESO)

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓN
1ª AVALIACIÓN		BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS		
	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música: pentagrama, clave de sol, notas, figuras, plicas.	Set – Out.	
	B1.2	A textura: monodía, polifonía primitiva (canon).	Set – Out.	
	B1.3	Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas medievais	Set – Out.	
	B2.1	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais da Idade Media	Set – Out.	
	B2.7	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.)	Set – Out.	
	B3.8	Épocas da historia da música: A Idade Media. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Set – Out.	
	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música: liñas adicionais, pulso, compases básicos.	Out. – Nov.	
	B3.8	Épocas da historia da música: O rock dos anos 50. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Out. – Nov.	
	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música: signos de prolongación, signos de repetición.	Nov. – Dec.	
	B1.2	A textura: homofonía, polifonía contrapuntística.	Nov. – Dec.	
	B1.3	Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas renacentistas.	Nov. – Dec.	
	B2.1	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais do Renacemento.	Nov. – Dec.	
	B3.8	Épocas da historia da música: O Renacemento. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Nov. – Dec.	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓN

2ª AVALIACIÓN		BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS		
	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música. Ton e semitón, o teclado do piano.	Xan. – Feb.	
	B1.2	A textura: a monodia acompañada	Xan. – Feb.	
	B1.3	Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas Barrocas	Xan. – Feb.	
	B2.1	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais do Barroco.	Xan. – Feb.	
	B3.8	Épocas da historia da música: O Barroco. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Xan. – Feb.	
	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música: as alteracións, tipos de alteracións, a armadura da clave.	Feb. - Marzo	
	B2.1	Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais da música no Clasicismo.	Feb. - Marzo	
	B3.8	Épocas da historia da música: O Clasicismo. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Feb. – Marzo	
	B1.3	Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas do Clasicismo.	Feb. - Marzo	
	B3.8	Épocas da historia da música: O rock dos anos 60 e 70. Características principais, autores/significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Feb. – Marzo	
AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓNS
3ª AVALIACIÓN		BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS.		
	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música: intervalos, escalas, graos da escala.	Abr. - Maio	
	B2.1	Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais da música no século XIX.	Abr. - Maio	
	B2.5	Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do século XIX incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias.	Abr. - Maio	
	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música: a escala maior e menor, a tonalidade.	Abr. - Maio	
	B3.8	Épocas da historia da música: O Romanticismo e o Nacionalismo. Outros movementos musicais modernos. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Abr. - Maio	
	B2.1	Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais da música no século XX.	Maio - Xuño	
	B2.5	Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do século XX, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias.	Maio – Xuño	
B3.8	A música no século XX: contexto histórico e características xerais.	Maio - Xuño		

	B1.1	Repaso dos elementos da representación gráfica da música: o acorde.	Maio - Xuño	
	B3.1	A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.	Maio – Xuño	
	B3.8	Épocas da historia da música: o rock dos anos 80. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura.	Xuño	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓNS
TODAS AS AVALIACIÓNS		B1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. B2: ESCOITA. B3: CONTEXTOS MUSICAIS. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS.	Estes contidos serán tratados durante todo o curso.	
	B1.6	Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.		
	B1.7	Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.		
	B1.9	Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.		
	B1.11	Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.		
	B1.12	Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		
	B2.2	Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada		
	B2.3	Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.		
	B2.4	Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.		
	B2.5	Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.		
	B2.8	Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.		
	B3.5	Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.		
B3.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.			

	B3.7	Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo – temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.	
	B3.8	Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.	
	B3.9	Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	
	B3.10	Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.	
	B4.1	Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.	
	B4.2	Aplicación de diferentes técnicas de gravación, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	
	B4.3	Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.	
	B4.4	Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.	
	B4.5	Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.	

Terase en conta que pode haber contidos imposibles de impartir debido á actual situación, ben por non dispoñer de aula de informática e ordenadores para todos os alumnos, ben pola propia imposibilidade física que conleva a falta de mobilidade do alumnado dentro da aula.

7. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE (3º ESO)

BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN (3º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos	Temas transversais
			Estándares de aprendizaxe			

				Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL X	EOE X	CA X	TIC	EMP X	EC	PV
B1.1	MUB1.1.1	CCEC	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos de prolongación, compases simples).	50%	X									
B1.2	MUB1.2.1	CCEC, CAA	Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	30%	X	X								
B1.3	MUB1.3.1	CCEC	Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	30%	X	X								
B1.4	MUB1.4.1	CAA, CCEC	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	40%			X							
	MUB1.4.4	CCEC	Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	40%		X								
	MUB1.4.5	CCEC, CAA	Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	50%			X							
B1.5	MUB1.5.1	CCEC, CAA	Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	20%		X	X							
	MUB1.5.2	CSIEE	Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	100%			X							
B1.6	MUB1.6.1	CCEC	Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	30%			X							
	MUB1.6.2	CCEC	Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	30%			X							
	MUB1.6.3	CSC	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.	100%			X							
	MUB1.6.4	CSC	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e	50%			X							

			adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.												
--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

BLOQUE 2: ESCOITA (3º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
B2.1	MUB2.1.3	CCEC, CAA	Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música, clasificando e discriminándoos auditivamente.	30%		X	X								
B2.2	MUB2.2.1	CCEC	Sigue partituras como apoio á audición.	30%			X								
B2.3	MUB2.3.1	CSC	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	100%			X								
B2.4	MUB2.4.1	CAA	Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.	60%			X								
	MUB2.4.2	CCEC, CSC	Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	60%	X	X									
B2.5	MUB2.5.1	CCEC	Describe os diferentes elementos das obras musicais propostas.	40%	X	X									
	MUB2.5.2	CAA	Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.	60%		X	X								
	MUB2.5.3	CCL	Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	30%	X										

BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS (3º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X	X	X	X	X		
B3.1	MUB3.1.1	CCEC, CCL	Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.	60%	X										
	MUB3.1.2	CCEC	Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.	20%				X							
	MUB3.1.3	CCEC, CCL	Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.	60%			X								
B3.2	MUB3.2.1	CCEC, CAA	Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición.	60%				X							
B3.3	MUB3.3.1	CCEC, CAA	Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.	50%	X	X									
B3.4	MUB3.4.1	CCEC, CSC	Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.	50%	X			X							
	MUB3.4.2	CCEC, CCL	Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	20%			X								
B3.5	MUB3.5.2	CCL	Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	30%	X			X							
B3.6	MUB3.6.1	CD	Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	30%			X								

	MUB3.6.2	CAA	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	60%				X								
--	----------	-----	---	-----	--	--	--	---	--	--	--	--	--	--	--	--

BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS (3º ESO)

CRITEI	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais								
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
								X	X	X		X				
B4.1	MUB4.1.1	CD	Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	30%	X											
B4.2	MUB4.2.1	CD, CAA	Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	40%		X										

BLOQUE 5: ACTITUDES (3º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
									X	X		X	X	X
B1.4	MUB1.4.1	CSC, CCEC	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	60%			X							
B1.5	MUB1.5.2	CSC, CCEC	Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	100%		X	X							
B1.6	MUB1.6.3	CSC, CCEC	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.	100%			X							
	MUB1.6.4	CSC, CCEC	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	50%		X	X							
	MUB1.6.5	CSC, CCEC	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	60%		X	X							
B1.7	MUB1.7.1	CSC, CCEC	Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.	100%			X							
B2.3	MUB2.3.1	CSC, CCEC	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	60%			X							
B2.4	MUB2.4.1	CSC, CCEC	Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.	100%			X							
B2.5	MUB2.5.1	CSC, CCEC	Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	60%	X		X							
B3.2	MUB3.2.1	CSC, CCEC	Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	30%		X	X							

B3.3	MUB3.3.1	CSC, CCEC	Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.	30%	X	X	X								
B3.5	MUB3.5.2	CSC, CCEC	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	20%		X	X								

LEDA COMPETENCIAS

CCL	<i>Comunicación lingüística</i>
CMCCT	<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía</i>
CD	<i>Competencia dixital</i>
CAA	<i>Competencia aprender a aprender</i>
CSC	<i>Competencias sociais e cívicas</i>
CSIEE	<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>
CCEC	<i>Conciencia e expresións culturais</i>

LEDA TRANSVERSAIS

CL	<i>Comprensión lectora</i>
EOE	<i>Expresión oral e escrita</i>
CA	<i>Comunicación audiovisual</i>
TIC	<i>Tecnoloxías da información e comunicación</i>
EMP	<i>Emprendemento</i>
EC	<i>Educación cívica</i>
PV	<i>Prevención da violencia</i>

8. AVALIACIÓN (3º ESO)

1. Avaliación inicial

Data de realización:

Con carácter xeral realizarase durante o primeiro mes do curso escolar.

Descrición das probas:

A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, eventualmente en exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

Consecuencias dos resultados:

A avaliación inicial servirá como punto de referencia para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno/a.

Información ás familias:

Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia e /ou co/a titor/a do grupo, incluso a través do equipo de orientación.

2.- Avaliación continua

Temporalización das probas de avaliación:

Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico. En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores.

Cualificación das probas:

A cualificación dunha parte das probas ou traballos calcularase sobre 10 puntos, e outra parte destes traballos valoraranse con positivos (+0,10) e/ou negativos (-0,10). O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

No caso de probas de recuperación de contidos teóricos a nota será dun 5 se o resultado acadado é dun 5, 6 ou 7; será dun 6 cando o resultado acadado na proba sexa dun 8, 9 ou 10.

A observación directa do traballo do/a alumno/a na aula cualifícase cunha nota numérica de 0 a 10, así como mediante positivos ou negativos recollidos no caderno do/a profesor/a. O valor (0,10) dos positivos e/ou negativos dependerá do esforzo e actitude do alumno/a en relación cos estándares correspondentes.

Media, ponderación e redondeo:

Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado.

un 40% dividirase entre as distintas probas (escritas ou prácticas),

O 30% restante será a nota dos exercicios de ritmo ou traballos de clase, relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ao grao mínimo de consecución dos estándares.

O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do/a profesor/a e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.

Instrumentos de avaliación:

Cuestionarios escritos impresos ou a través da aula virtual, traballos de aula ou tarefas de casa, revisións do caderno de clase das actividades da materia, probas orais (presentacións ou exposicións) e probas escritas, resumos e esquemas, exercicios prácticos de interpretación rítmica, instrumental ou da práctica habitual nas clases.

Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:

Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.

A consecución dun ambiente de concentración no traballo.

O esforzo do/a alumno/a nas tarefas.

Os aspectos recollidos no bloque 5 do punto 7 da Programación.

Recuperación dunha proba non superada:

Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación.

Recuperación dunha avaliación non superada:

A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente. Farase unha proba a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes.

O/A alumno/a deberá presentar os traballos propostos polo profesor/a como repaso da avaliación non superada.

Os contidos prácticos (ritmo, instrumental) poden darse por recuperados automaticamente se se acadou o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.

Cualificación da avaliación final ordinaria:

Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, e que a nota media destas sexa superior a cinco. Para determinar a cualificación final terase en conta a media das tres avaliacións, así como a tendencia das cualificacións ao longo do curso, ademais dos aspectos actitudinais sinalados no apartado 5 do bloque7 dos criterios de cualificación.

No caso en que a única avaliación aprobada sexa a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.

No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.

Aspectos específicos en torno á avaliación

Anulación de probas:

Unha proba terá unha calificación de 0 no caso de que o alumno/a sexa sorprendido tratando de copiar nela, calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.

Tarefas:

A non realización das tarefas encomendadas (calquera que sexa o seu formato) terá incidencia no bloque relativo ás actitudes e será interpretado como unha manifestación de falta de interese e compromiso cara á materia. Do mesmo xeito a non realización de polo menos o 20% das tarefas encomendadas impide a avaliación positiva na materia.

Terá incidencia negativa ata en 2 puntos na avaliación cando o/a alumno/a non trouxese o material de traballo a clase de maneira reiterada.

3.- Avaliación final

Proba de avaliación final:

Para o/a alumno/a que teña unha media das tres avaliacións que non chegue ao 5.

O valor de dita proba será o 50% da nota final. O 50% restante será o acadado polo alumno coa entrega dos traballos propostos polo/a profesor/a.

Criterios para a promoción:

O equipo docente estimará, tomando como referente á madureza do/a alumno/a, a decisión sobre a posibilidade de que poida avanzar ao seguinte curso.

4.- Avaliación extraordinaria

Procedemento:

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos.

O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

5.- Recuperación e avaliación de pendentos de cursos pasados

Procedemento:

O alumnado que curse 3º de ESO coa música de 2º de ESO pendente, recuperará a materia pendente de xeito automático aprobando as dúas primeiras avaliacións de música de 3º de ESO.

Aqueles/as alumnos/as que non conseguiran acadar o aprobado nesas dúas primeiras avaliacións, contarán tamén cunha proba final no mes de maio sobre os contidos e estándares do curso pendente que deberán superar.

Seguimento:

O/A profesor/a supervisará o traballo dentro da aula e prestará apoio e reforzo ao alumnado coa materia pendente que presente deficiencias detectadas a través da avaliación inicial. Este apoio poderase facer no propio centro de xeito presencial, utilizando o tempo de lecer, a través da aula virtual con exercicios e actividades de reforzo ou a través do correo electrónico para a resolución de dúbidas ou control das actividades do alumnado.

Avaliación:

A nota do curso pendente será a media das dúas primeiras avaliacións de 3º de ESO no caso de que o/a alumno/a supere ambas.

Se non acadase o aprobado a través das dúas primeiras avaliacións de 3º de ESO, a nota do curso pendente será a obtida no exame final de maio sobre os contidos e estándares do curso pendente que deberán superar.

O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

Anexo COVID

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL.

2. Avaliación, cualificación, estándares.

Avaliación

Procedementos: Análise de distintas tarefas, traballos e participación do alumnado ou grupo (positivo, en cuarentena...) por medios telemáticos, nas clases por vídeo chamada e/ou nas titorías individuais realizadas, e de chegar a ser posible, semipresenciais.

	Instrumentos: Traballos escritos, cuestionarios en liña, participación nas vídeo-conferencias, probas prácticas ou orais individuais por vídeo chamada.
Cualificación final	Tendo en conta que a avaliación é continua terase en conta as notas da actividade presencial, que se poderán mellorar coa participación nas actividades e tarefas realizadas durante a actividade semipresencial ou non presencial (confinamento ou peche do Centro). A ponderación será de 60% valoración de traballos e 40% proba escrita ou oral (medios telemáticos).
Proba extraordinaria de setembro	Proba escrita cunha estrutura similar ás feitas durante os períodos presenciais.
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	En caso de educación semipresencial dun/ha alumno/a ou grupo: os estándares que se traballen durante o periodo semipresencial. En caso de educación non presencial, de confinamento ou peche do Centro: Os estándares que teñan un valor do 100% na programación.
Adquisición de estándares e competencias non adquiridas no curso 2020/2021	Non procede. Todo o alumnado de Música ten adquiridos os estándares e competencias imprescindibles durante o curso 2020/2021.

2.- Metodoloxía e actividades	
Actividades	<p>Traballos escritos, traballos de investigación, de reforzo, repaso, recuperación e ampliación. Propostas para o visionado de vídeos musicáis ou sobre análises traballadas. Propostas para gravación, con interpretación de frauta doce. Lectura e interpretación musical mediante fichas e partituras.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía empregada buscará que a aprendizaxe adquirida polo alumno sexa significativa. O/A alumno/a adquirirá os contidos conceptuais e actitudinais necesarios en moitas ocasións a través da axuda dos contidos procedementais, e é importante que o alumno adquira vivencias coa música a partir da experiencia. Dita experiencia leva da man por un lado actitudes imprescindibles para a súa realización, e polo outro lado os conceptos necesarios para a súa comprensión.</p> <p>Trátase dunha metodoloxía activa, na que o alumno busca e constrúe o propio aprendizaxe. A música apréndese facendo música (escoita e interpretación), e traballando tamén a teoría dende a práctica.</p> <p>O/A alumno/a con conectividade pode acceder a todo o material da Aula Virtual do centro e descargalo. O/A alumno/a sen conectividade disporá de traballos enviados por correo ou por telefonía móbil. Reunións por videoconferencia webex con convocatoria a través de AbalarMóbil e correo electrónico.</p>
Materiais e recursos	<p>Material da Aula Virtual para 2º de Bacharelato. Libro de texto de referencia DIXITAL (Edixgal) para secundaria. Fichas de teoría, linguaxe musical e partituras da aula virtual. Soportes informáticos: vídeos da aula virtual. Recursos de internet e móbil do/a alumno/a. Plataforma webex.</p>

4º DE ESO

9. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS DE MÚSICA (4º ESO)

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓNS
1ª AVALIACIÓN		BLOQUE 2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS.		
	B2.1	Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas relacionadas co jazz.	Set. – Out.	
	B2.4	Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas (o Jazz), incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.	Set. – Out.	
	B3.2	Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais do jazz.	Set. – Out.	
	B3.3	Manifestacións musicais doutras culturas: a orixe do jazz.	Set. – Out.	
	B3.6	Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre a música popular urbana (o Jazz).	Set. – Out.	
	B4.1	Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.	Set. – Out.	
	B2.1	Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas: a música popular urbana do século XX.	Nov. – Dec.	
	B2.4	Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas (o Rock), incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.	Nov. – Dec.	
	B3.2	Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais da música urbana do século XX.	Nov. – Dec.	
	B3.3	Manifestacións musicais doutras culturas: a orixe e evolución do Rock e outras músicas populares urbanas.	Nov. – Dec.	
	B3.6	Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre a música popular urbana (o Rock).	Nov. – Dec.	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓN
2ª AVALIACIÓN		BLOQUE 2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS.		
	B2.1	Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas: a música nos diferentes lugares do mundo.	Xan. – Feb.	
	B2.4	Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.	Xan. – Feb.	
	B3.1	Recoñecementos e localización nas coordenadas espazos – temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.	Xan. – Feb.	
	B3.3	Manifestacións musicais doutras culturas: América, África, Asia e Oceanía, Europa.	Xan. – Feb.	
	B2.5	Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.	Feb. – Mar.	
	B2.6	A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.	Feb. – Mar.	
	B3.8	Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	Feb. – Mar.	
	B4.2	Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.	Feb. – Mar.	
B4.5	Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos.	Feb. – Mar.		

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓN
3ª AVALIACIÓN		B1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS.		
	B1.6	Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades dos/das músicos/as.	Abril - Maio	
	B1.7	Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.	Abril - Maio	
	B2.2	A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	Abril - Maio	
	B3.4	A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, radiofónica ou publicitaria.	Abril - Maio	
	B3.5	Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	Abril - Maio	
	B3.7	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	Abril - Maio	

	B4.7	Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.	Abril - Maio	
	B3.4	A música ó servizo da linguaxe cinematográfica.	Xuño	
	B4.6	Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	Xuño	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓN
TODAS AS AVALIACIÓNS		B1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. B2: ESCOITA. B3: CONTEXTOS MUSICAIS. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS.	Estes contidos serán tratados durante todo o curso.	
	B1.1	Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.		
	B1.2	Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.		
	B1.4	Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.		
	B2.1	Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.		
	B2.3	Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.		
	B2.4	Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.		
	B2.7	Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.		
	B3.8	Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.		
	B4.3	Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, e a escoita, a interpretación e a creación musical.		

Terase en conta que pode haber contidos imposibles de impartir debido á actual situación COVID, ben por non dispoñer de aula de informática e ordenadores para todos os alumnos, ben pola propia imposibilidade física que conleva a falta de mobilidade do alumnado dentro da aula.

10. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE (4º ESO)

BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN (4º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
								X	X			X	X	X
B1.1	MUB1.1.1	CAA, CSC	Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	50%		X								
	MUB1.1.2	CCEC	Le partituras como apoio á interpretación	40%			X							
	MUB1.1.3	CSC	Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	100%			X							
B1.2	MUB1.2.1	CCEC, CSC	Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	40%			X							
B1.4	MUB1.4.1	CSC, CSIEE	Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	30%		X								

LENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

BLOQUE 2: ESCOITA (4º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
									X	X			X	X
B2.1	MUB2.1.1	CMCCT, CCL, CSC	Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	40%		X								
	MUB2.1.2	CCEC	Le e analiza partituras como apoio á audición.	40%			X							
B2.2	MUB2.2.1	CCL, CCEC	Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	30%	X	X								
B2.3	MUB2.3.1	CCL, CCEC	Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	50%	X	X	X							
B2.4	MUB2.4.1	CCL, CCEC	Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeseos utilizando unha terminoloxía axeitada.	50%	X									
	MUB2.4.2	CCEC, CSC	Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	40%	X									
	MUB2.4.3	CCEC, CSC	Amosa interese, respecto e curiosidade polas diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	100%			X							
B2.5	MUB2.5.1	CD, CSC	Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	60%			X							
B2.6	MUB2.6.1	CCEC, CSC, CCL	Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos.	80%		X	X							

BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS (4º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
								X	X	X				
B3.1	MUB3.1.1	CSC, CCEC	Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.	50%		X	X							
	MUB3.1.2	CSC, CCEC	Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio español e galego, sitúaos no seu contexto histórico e social.	40%	X	X								
B3.2	MUB3.2.1	CSC, CCEC	Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	30%	X	X								
	MUB3.2.2	CSC, CCEC	Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	30%	X	X								
B3.3	MUB3.3.1	CCL, CSC, CAA	Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	30%		X								
B3.4	MUB4.4.1	CAA, CSC, CCL	Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	40%		X								
	MUB4.4.2	CD	Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	30%		X								

BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS (4º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
								X	X	X			X	
B4.1	MUB4.1.1	CAA, CD, CMCCT	Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.	30%		X								
	MUB4.1.2	CSC, CSIEE	Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	50%			X							
B4.2	MUB2.2.1	CSC, CD	Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	20%		X								
B4.3	MUB4.3.1	CD, CAA	Sabe procurar e seleccionar fragmentos axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	30%		X								
	MUB4.3.2	CD, CCEC, CMCCT	Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	20%		X								
B4.4	MUB4.4.1	CAA, CD	Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	40%			X							
B4.5	MUB4.5.1	CD, CCEC	Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	50%			X							
	MUB4.5.2	CD, CCL, CAA	Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	30%		X	X							
	MUB4.5.3	CAA, CL, CD	Utiliza a información de xeito crítico, obtida de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.	20%		X								

BLOQUE 5: ACTITUDES (4º ESO)

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
									X	X		X	X	X	
B1.4	MUB1.4.1	CSC, CCEC	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	60%			X								
B1.5	MUB1.5.2	CSC, CCEC	Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	100%		X	X								
	MUB1.6.3	CSC, CCEC	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.	100%			X								
B1.6	MUB1.6.4	CSC, CCEC	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	50%		X	X								
	MUB1.6.5	CSC, CCEC	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	60%		X	X								
B2.3	MUB2.3.1	CSC, CCEC	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	60%			X								
B2.5	MUB2.5.1	CSC, CCEC	Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	60%	X		X								
B3.2	MUB3.2.1	CSC, CCEC	Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	30%		X	X								
B3.3	MUB3.3.1	CSC, CCEC	Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.	30%	X	X	X								

B3.5	MUB3.5.2	CSC, CCEC	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	20%		X	X								
------	----------	-----------	---	-----	--	---	---	--	--	--	--	--	--	--	--

LEDA COMPETENCIAS

CCL	<i>Comunicación lingüística</i>
CMCCT	<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía</i>
CD	<i>Competencia dixital</i>
CAA	<i>Competencia aprender a aprender</i>
CSC	<i>Competencias sociais e cívicas</i>
CSIEE	<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>
CCEC	<i>Conciencia e expresións culturais</i>

LEDA TRANSVERSAIS

CL	<i>Comprensión lectora</i>
EOE	<i>Expresión oral e escrita</i>
CA	<i>Comunicación audiovisual</i>
TIC	<i>Tecnoloxías da información e comunicación</i>
EMP	<i>Emprendemento</i>
EC	<i>Educación cívica</i>
PV	<i>Prevención da violencia</i>

11. AVALIACIÓN (4º ESO)

1. Avaliación inicial

Data de realización:

Con carácter xeral realizarase durante o primeiro mes do curso escolar.

Descrición das probas:

A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, eventualmente en exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

Consecuencias dos resultados:

A avaliación inicial servirá como punto de referencia para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno/a.

Información ás familias:

Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia e /ou co titor do grupo, incluso a través do equipo de orientación.

2.- Avaliación continua

Temporalización das probas de avaliación:

Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico. En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores.

Cualificación das probas:

A cualificación de cada proba ou traballo unha parte calcularase sobre 10 puntos, e outra parte destes traballos valoraranse con positivos (+0,10) e/ou negativos (-0,10). O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

No caso de probas de recuperación de contidos teóricos a nota será dun 5 se o resultado acadado é dun 5, 6 ou 7; será dun 6 cando o resultado acadado na proba sexa dun 8, 9 ou 10.

A observación directa do traballo do/a alumno/a na aula cualifícase cunha nota numérica de 0 a 10, así como mediante positivos ou negativos recollidos no caderno do/a profesor/a. O valor dos positivos e/ou negativos (0,10) dependerá do esforzo, interese e actitude do/a alumno/a en relación cos estándares correspondentes.

Media, ponderación e redondeo:

Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado.

Un 40% dividirase entre as distintas probas (escritas ou prácticas).

O 30% restante será a nota dos exercicios de ritmo ou traballos de clase, relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ao grao mínimo de consecución dos estándares.

O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do/a profesor/a e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.

Instrumentos de avaliación:

Cuestionarios escritos impresos ou a través da aula virtual, traballos de aula ou tarefas de casa, revisións do caderno de clase das actividades da materia, probas orais (presentacións ou exposicións) e probas escritas, resumos e esquemas, exercicios prácticos de interpretación rítmica, instrumental ou da práctica habitual nas clases.

Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:

Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.

A consecución dun ambiente de concentración no traballo.

O esforzo do alumno/a nas tarefas.

Os aspectos recollidos no bloque 5 do punto 7 da Programación.

Recuperación dunha proba non superada:

Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación.

Recuperación dunha avaliación non superada:

A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente e farase unha proba a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes.

Os contidos prácticos (ritmo, instrumental) poden darse por recuperados automaticamente se se acadou o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.

Cualificación da avaliación final ordinaria:

Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, e que a nota media destas sexa superior a cinco. Para determinar a cualificación final terase en conta a media das tres avaliacións, así como a tendencia das cualificacións ao longo do curso, ademais dos aspectos actitudinais sinalados no apartado 5 do bloque 7 dos criterios de cualificación.

No caso en que a única avaliación aprobada sexa a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.

No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.

Aspectos específicos en torno á avaliación

Anulación de probas:

Unha proba terá unha calificación de 0 no caso de que o alumno/a sexa sorprendido tratando de copiar nela, calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.

Tarefas:

A non realización das tarefas encomendadas (calquera que sexa o seu formato) terá incidencia no bloque relativo ás actitudes e será interpretado como unha manifestación de falta de interese e compromiso cara á materia. Do mesmo xeito a non realización de polo menos o 20% das tarefas encomendadas impide a avaliación positiva na materia.

Terá incidencia negativa ata en 2 puntos na avaliación cando o/a alumno/a non trouxese o material de traballo a clase de maneira reiterada.

3.- Avaliación final

Proba de avaliación final:

Para o/a alumno/a que teña unha media das tres avaliacións que non chegue ao 5.

O valor de dita proba será o 50% da nota final. O 50% restante será o acadado polo alumno coa entrega dos traballos propostos polo/a profesor/a.

Criterios para a promoción:

O equipo docente estimará, tomando como referente á madureza do/a alumno/a, a decisión sobre a posibilidade de que poida avanzar ao seguinte curso.

4.- Avaliación extraordinaria

Procedemento:

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos.

O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

5.- Recuperación e avaliación de pendentes de cursos pasados

Procedemento:

O alumnado que curse 4º de ESO coa música de 3º de ESO pendente, recuperará a materia pendente de xeito automático aprobando as dúas primeiras avaliacións de música de 4º de ESO.

Aqueles/as alumnos/as que non conseguiran acadar o aprobado nesas dúas primeiras avaliacións, contarán tamén cunha proba final no mes de maio sobre os contidos e estándares do curso pendente que deberán superar.

O alumnado coa música de 3º pendente que non curse a optativa de música en 4º de ESO, deberá presentar no primeiro e segundo trimestre do curso unha serie de traballos sobre os contidos do curso a recuperar que o departamento de música lles facilitará a través da aula virtual, nas horas de lecer e/ou a través do/a titor/a.

Poderá acceder a un exame final no mes de maio sobre contidos e estándares do curso pendente que deberá superar. A nota dos traballos será un 50% e a nota da proba final un 50%.

Seguimento:

Para os/as alumnos/as que cursen a materia de música en 4º de ESO o/a profesor/a supervisará o traballo dentro da aula e prestará apoio e reforzo ao alumnado coa materia pendente que presente deficiencias detectadas a través da avaliación inicial. Este apoio poderase facer no propio centro de xeito presencial, utilizando o tempo de lecer ou a través da aula virtual con exercicios e actividades de reforzo ou a través do correo electrónico para a resolución de dúbidas ou control das actividades do alumnado.

O alumnado pendente que non curse a optativa de música en 4º de ESO, recibirá apoio e supervisión do mesmo xeito que os anteriores, ben no propio centro de xeito presencial, utilizando o tempo de lecer para cuestións puntuais ou a través da aula virtual, con exercicios e actividades de reforzo, ou a través do correo electrónico para a resolución de dúbidas ou control da actividade do alumnado.

Avaliación de pendentes:

Para os/as alumnos/as que cursan a optativa de música en 4º, a nota do curso pendente será a media das dúas primeiras avaliacións de 4º de ESO, no caso de que o/a alumno/a supere ambas. Se non acadase o aprobado a través das dúas primeiras avaliacións, a nota será a obtida no exame final de maio sobre os contidos e estándares do curso pendente que deberá superar.

Para os/as alumnos/as que non escolleron a optativa de música en 4º, a nota dos traballos entregados será un 50% e a nota da proba final de maio un 50%.

A falta dunha soa das actividades inxustificadamente, obrigará ó/á alumno/a a presentarse á proba final de maio, polo que nese caso a nota do curso pendente será a obtida no exame de maio.

O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

Anexo COVID

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL.

3. Avaliación, cualificación, estándares.

Avaliación

Procedementos: Análise de distintas tarefas, traballos e participación do alumnado ou grupo (positivo, en cuarentena...) por medios telemáticos, nas clases por vídeo chamada e/ou nas titorías individuais realizadas, e de chegar a ser posible, semipresenciais.

	Instrumentos: Traballos escritos, cuestionarios en liña, participación nas vídeo-conferencias, probas prácticas ou orais individuais por vídeo chamada.
Cualificación final	Tendo en conta que a avaliación é continua terase en conta as notas da actividade presencial, que se poderán mellorar coa participación nas actividades e tarefas realizadas durante a actividade semipresencial ou non presencial (confinamento ou peche do Centro). A ponderación será de 60% valoración de traballos e 40% proba escrita ou oral (medios telemáticos).
Proba extraordinaria de setembro	Proba escrita cunha estrutura similar ás feitas durante os períodos presenciais.
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	En caso de educación semipresencial dun/ha alumno/a ou grupo: os estándares que se traballen durante o periodo semipresencial. En caso de educación non presencial, de confinamento ou peche do Centro: Os estándares que teñan un valor do 100% na Programación.
Adquisición de estándares e competencias non adquiridas no curso 2020/2021	Non procede. Todo o alumnado de Música ten adquiridos os estándares e competencias imprescindibles durante o curso 2020/2021.

2.- Metodoloxía e actividades

Actividades	Traballos escritos, traballos de investigación, de reforzo, repaso, recuperación e ampliación. Propostas para o visionado de vídeos musicáis ou sobre análises traballadas. Propostas para gravación, con interpretación de fruta doce. Lectura e interpretación musical mediante fichas e partituras.
--------------------	---

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía empregada buscará que a aprendizaxe adquirida polo alumno sexa significativa. O/A alumno/a adquirirá os contidos conceptuais e actitudinais necesarios en moitas ocasións a través da axuda dos contidos procedementais, e dicir é importante que o alumno adquira vivencias coa música a partir da experiencia. Dita experiencia leva da man por un lado actitudes imprescindibles para a súa realización, e polo outro lado os conceptos necesarios para a súa comprensión.</p> <p>Tratase dunha metodoloxía activa, na que o alumno busca e constrúe o propio aprendizaxe. A música apréndese facendo música (escoita e interpretación), e traballando tamén a teoría dende a práctica.</p> <p>O/A alumno/a con conectividade pode acceder a todo o material da Aula Virtual do centro e descargalo. O/A alumno/a sen conectividade disporá de traballos enviados por correo ou por telefonía móbil. Reunións por videoconferencia webex con convocatoria a través de AbalarMóbil e correo electrónico.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Material da Aula Virtual para 2º de Bacharelato. Libro de texto de referencia DIXITAL (Edixgal) para secundaria. Fichas de teoría, linguaxe musical e partituras da aula virtual. Soportes informáticos: vídeos da aula virtual. Recursos de internet e móbil do/a alumno/a. Plataforma webex.</p>

2º DE BAC

Historia da música e da danza

INTRODUCCIÓN

A música e a danza son manifestacións artísticas que van ligadas ao devir histórico e cultural da humanidade. O estudo da súa historia pretende proporcionarlle ao alumnado unha visión global do lugar que ocupan ambas as disciplinas na historia da arte e dotalo de fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións, de criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas, así como facilitarlle a adquisición de horizontes culturais máis ambiciosos.

Resulta evidente que o mundo está repleto de música e danza de diversos tipos: tradicional, folk, clásica ou jazz, por citar só uns poucos. Pero as modernas comunicacións e a tecnoloxía da reprodución sonora e visual fixeron do pluralismo musical parte da vida cotiá.

Con todo, os modos nos que pensamos en música non reflicten esta situación: historicamente cada tipo de música ou danza chega co seu propio modo de pensar e inflúe na sociedade como se fose o único modo de pensar na música e na danza.

Esta materia pretende abranguer a música e a danza ao seu paso pola historia e a súa vinculación coa sociedade e as artes en cada período, dándolle un carácter integrador que fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións. Ademais, o estudo desta materia permite abrir horizontes novos, procurar novas metas culturais e ampliar a perspectiva desde a que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo minucioso de autores e autoras, ou do catálogo das súas obras, senón máis ben a través da comprensión e a valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e o seu devir no tempo.

Deben ser obxecto de estudo as características máis salientables que configuran un estilo, unha época, os autores e as autoras máis salientables, cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio cara a novas concepcións estéticas da música e da danza.

A interpretación deberá ser entendida como a tradución práctica do código correspondente ou proveniente da tradición. Os coñecementos adquiridos en cursos anteriores e no estudo desta materia permitirán ao alumnado comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e na súa valoración.

A materia de Historia da Música e da Danza contribúe a que o alumnado se familiarice coa lectura de documentos e fontes que lle faciliten o acceso á comprensión de todos os aspectos técnicos relativos á música e á danza. O coñecemento destes aspectos e a adquisición de competencias desenvolverán no alumnado a cultura estética, e a integración de todos eles proporcionará habilidades e estratexias de método que lle permitirán acceder e procesar datos para reflexionar de xeito autónomo sobre eles con posterioridade, conseguindo como resultado final que o alumnado poida situar, comprender, assimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración.

Logo de cursada esta materia, os alumnos e as alumnas adquirirán unha formación máis ampla, unha visión máis global do lugar que ocupan a música e a danza na historia da arte, e desenvolverán criterios para establecer xuízos estéticos propios.

A materia estrutúrase en nove bloques: "Percepción, análise e documentación", "A música e a danza da Antigüidade á Idade Media", "O Renacemento", "O Barroco", "O Clasicismo", "O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo", "Primeiras tendencias modernas", "Música e danza na segunda metade do século XX" e "A música tradicional no mundo".

OBXECTIVOS DE BACHARELATO PRESENTES NA MATERIA DE HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:
1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables
14. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

12. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS DE Hª DA MÚSICA E DA DANZA (2º BAC)

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>Música e Danza da Antigüidade á Idade Media.</i>	MES	SESIÓNS
1ª AVALIACIÓN	B2.1	Música sacra. Canto gregoriano. Características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Códice Calixtino.	Setembro – Outubro 16 Sesións	
	B2.2	Música profana: trobadores, trobeiros, xograres e goliardos.	Set.	
	B2.3	Instrumentos medievais.	Set.	
	B2.4	A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia. O pobo hebreo e Creta.	Set.	
	B2.5	A danza na Antigüidade Clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. A traxedia grega.	Set.	
	B2.6	A danza na Idade Media. Danza e igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.	Outubro	
	B2.7	Fontes iconográficas. Iconografía pétreo en Galicia e códices alfonsinos.	Outubro	
	B2.8	Lírica galaico-portuguesa. Alfonso X o Sabio.	Outubro	
	B2.9	Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron na música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.	Outubro	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORLIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>O Renacemento.</i>	MES	SESIÓNS
1ª AVALIACIÓN	B3.1	Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.	Novembro – Decembro 18 Sesións	
	B3.2	A Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: Madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.	Nov.	
	B3.3	O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do Século de Ouro: Tomás Luis de Victoria.	Nov.	
	B3.4	Música instrumental e España. Organoloxía. Fontes de estudo.	Dec.	
	B3.5	Danzas de Corte. Tipos e características.	Dec.	
	B3.6	Nacemento e evolución do Ballet de Corte.	Dec.	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORLIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>O Barroco.</i>	MES	SESIÓN
2ª AVALIACIÓN	B4.1	Música no Barroco: características, periodización e escolas.	Xaneiro	10 Sesións
	B4.2	O nacemento da Ópera. Ópera seria e ópera bufa.	Xaneiro	
	B4.3	Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.	Xaneiro	
	B4.4	Formas instrumentais: orixe, características e evolución.	Xaneiro	
	B4.5	Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.	Xaneiro	
	B4.6	Ópera Ballet. Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco.	Xaneiro	
	B4.7	Real Academia de Danza en París. A chegada da profesionalización da danza.	Xaneiro	
	B4.8	A música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas.	Xaneiro	
	B4.9	Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora.	Xaneiro	
	B4.10	Danzas cortesanas do Barroco. Ballet de Luis XIV. Música escénica.	Xaneiro	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORLIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>O Clasicismo.</i>	MES	SESIÓN
2ª AVALIACIÓN	B5.1	Estilo Galante e Escola de Manheim.	Febreiro	8 Sesións
	B5.2	Formas instrumentais: orixe, características e evolución.	Febreiro	
	B5.3	Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera seria e ópera bufa.	Febreiro	
	B5.4	Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.	Febreiro	
	B5.5	Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda: evolución da orquestra.	Febreiro	
	B5.6	Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Novidades na posta en escena.	Febreiro	
	B5.7	O Clasicismo en España.	Febreiro	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORLIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>Romanticismo, Nacionalismo e Postromanticismo.</i>	MES	SESIÓNS
2ª AVALIACIÓN	B6.1	Romanticismo: A orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática. Piano romántico e música de cámara. Ópera: tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. O verismo. O lied. Composición no romanticismo e no postromanticismo.	Marzo	8 Sesións
	B6.2	Orixes e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos; figuras representativas da composición.	Marzo	
	B6.3	O Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal.	Marzo	
	B6.4	O ballet romántico: xénese e desenvolvemento.	Marzo	
	B6.5	Período postromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso.	Marzo	
	B6.6	Danza española: orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada.	Marzo	
	B6.7	A música na España do século XIX. A Zarzuela. Música galega: principais compositores.	Marzo	
	B6.8	Influencia da literatura na música.	Marzo	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORLIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>Primeiras tendencias modernas.</i>	MES	SESIÓNS
3ª AVALIACIÓN	B7.1	O impresionismo: características musicais e figuras representativas.	Abril	10 Sesións
	B7.2	A Segunda Escola de Viena: do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas.	Abril	
	B7.3	Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravinski.	Abril	
	B7.4	Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX.	Abril	
	B7.5	Orixes e desenvolvemento do jazz.	Abril	
	B7.6	Concepcións da orquestra no século XX.	Abril	
	B7.7	Os ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna.	Abril	
	B7.8	Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrelismo, Expresionismo, etc.	Abril	
	B7.9	Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX.	Abril	
	B7.10	A música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. A Xeración da República.	Abril	
	B7.11	Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.	Abril	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORLIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>Música e Danza na segunda metade do século XX.</i>	MES	SESIÓNS
3ª AVALIACIÓN	B8.1	Serialismo integral.	Maio	10 Sesións
	B8.2	As vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta.	Maio	
	B8.3	Postserialismo.	Maio	
	B8.4	Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as.	Maio	
	B8.5	Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock.	Maio	
	B8.6	Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.	Maio	
	B8.7	Cante e baile flamenco.	Maio	
	B8.8	Música e danza popular galega.	Maio	
	B8.9	A importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.	Maio	
	B8.10	Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.	Maio	

AVALIACIÓN	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORLIZACIÓN	
		CONTIDOS: <i>A música tradicional no mundo.</i>	MES	SESIÓNS
3ª AVALIACIÓN	B9.1	Danza e música exótica, étnica, floclórica e popular. Música e danza popular galega.	Maio	5 Sesións
	B9.2	Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas.	Maio	
	B9.3	Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos.	Maio	
	B9.4	Organoloxía. Introducción aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.	Maio	

TODAS AS AVALIACIÓNS	BLOQUE CONTIDOS	UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN	
		CONTIDOS	MES	SESIÓNS
	B1.1	Escoita, visualización e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas ou de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.	Estes contidos serán tratados durante todo o curso.	
B1.2	A obra artística no seu contexto histórico.			
B1.3	Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha maior comprensión das características da obra.			
B1.4	Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto no que foron creadas e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.			
B1.5	Lectura e comentario crítico de textos literario-musicais e relativos á danza.			
B1.6	Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.			
B1.7	Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.			
B1.8	Elaboracións de argumentacións e xuízos persoais, empregando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza coas correntes estéticas e cos autores e autoras.			

Terase en conta que pode haber contidos imposibles de impartir debido á actual situación, ben por non dispoñer de aula de informática e ordenadores para todos os alumnos, ben pola propia imposibilidade física que conleva a falta de mobilidade do alumnado dentro da aula.

13. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE (2º BAC)

BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN			
C R I T E R I O S	ES T Á N D A R S	C O M P E T E N C I A S	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO

			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Instrumentos			Temas transversais							
					Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL X	EOE X	CA X	TIC X	EMP	EC X	PV	
B1.1	HMDB1.1.1	CCEC, CAA	Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.	20%		x	x								
	HMDB1.1.2	CMCCT	Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e a danza.	40%	x	x	x								
	HMDB1.1.3	CAA, CCL	Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración de comentarios.	20%		x									
	HMDB1.2.1	CCEC	Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e a danza.	50%	x	x									
B1.2	HMDB1.2.2	CAA, CCL	Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.	50%	x										
	HMDB1.2.3	CCEC	Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ ou estilístico.	50%	x	x									
B1.3	HMDB1.3.1	CCEC, CAA	Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.	20%		x	x								
	HMDB1.3.2	CCEC, CAA, CSC	Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.	30%		x	x								
	HMDB1.3.3	CAA, CSC	Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.	30%		x									
B1.4	HMDB1.4.1	CCL, CAA, CCEC	Describe as formulacións plasmadas polo autor do texto en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.	30%		x									
	HMDB1.4.2	CAA, CCL	Elabora unha análise do texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.	50%	x	x									

B1.5	HMDB1.5.1	CAA, CCEC, CCL	Comprende e explica o papel da música e a danza, e o xeito en que se relacionan con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.	30%		x	x								
	HMDB1.5.2	CAA, CCL	Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.	30%	x	x									
	HMDB1.5.3	CD, CSIEE	Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.	20%		x									
B1.6	HMDB1.6.1	CAA, CSIEE, CCEC, CCL	Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación	20%		x	x								
	HMDB1.6.2	CCL, CCEC, CAA	Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.	30%		x									
	HMDB1.6.3	CSC, CSIEE	Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.	50%		x	x								
	HMDB1.6.4	CSC, CSIEE, CCEC	Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia	20%		x	x								
	HMDB1.6.5	CCL, CAA, CSIEE, CCEC	Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas..	30%		x	x								
	HMDB1.6.6	CD, CAA	Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.	30%		x									

BLOQUE 2: A MÚSICA E A DANZA DA ANTIGÜIDADE Á IDADE MEDIA

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos	Temas transversais
			Estándares de aprendizaxe			

				Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL X	EOE X	CA	TIC X	EMP X	EC	PV
B2.1	HMDB2.1.1	CCEC, CAA, CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	50%	x	x								
	HMDB2.1.2	CCEC, CD, CCL	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos.	50%	x									
B2.2	HMDB2.2.1	CCEC, CAA, CSC, CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	30%	x	x								

BLOQUE 3: O RENACEMENTO

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais						
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
								X	X		X	X		
B3.1	HMDB3.1.1	CCEC, CAA, CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	50%	x	x								
	HMDB3.1.2	CCEC, CD, CCL	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	50%	x	x								
B3.2	HMDB3.2.1	CCEC, CAA, CSC, CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	30%		x		x						

BLOQUE 4: O BARROCO

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X		X	X			
B4.1	HMDB4.1.1	CCEC, CAA, CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	50%	x	x									
	HMDB4.1.2	CCEC, CD, CCL	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	50%	x	x									
B4.2	HMDB4.2.1	CCEC, CAA, CSC, CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	30%		x	x								

BLOQUE 5: O CLASICISMO

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X		X	X			
B5.1	HMDB5.1.1	CCEC, CAA, CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	50%		x	x								
	HMDB5.1.2	CCEC, CD, CCL	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	50%	x		x								
B5.2	HMDB5.2.1	CCEC, CAA, CSC, CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	30%	x	x	x								

BLOQUE 6: O ROMANTICISMO, O NACIONALISMO E O POSROMANTICISMO

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X		X	X			
B6.1	HMDB6.1.1	CCEC, CAA, CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	50%		x	x								
	HMDB6.1.2	CCEC, CD, CCL	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	50%	x		x								
B6.2	HMDB6.2.1	CCEC, CAA, CSC, CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	30%			x								

BLOQUE 7: PRIMEIRAS TENDENCIAS MODERNAS

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X		X	X			
B7.1	HMDB7.1.1	CCEC, CAA, CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	50%	x	x									
	HMDB7.1.2	CCEC, CD, CCL	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	50%	x										
B7.2	HMDB7.2.1	CCEC, CAA, CSC, CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	30%		x	x								

BLOQUE 8: MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X		X	X			
B8.1	HMDB8.1.1	CCEC, CAA, CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	50%	x	x									
	HMDB8.1.2	CCEC, CD, CCL	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	50%	x	x	x								
B8.2	HMDB8.2.1	CCEC, CAA, CSC, CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	30%	x	x									

BLOQUE 9: A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO

CRITERIOS	ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES INDICADORES DE LOGRO		Instrumentos			Temas transversais							
			Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Proba escrita/ indiv.	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								X	X		X	X			
B9.2	HMDB9.1.1	CCEC, CCL, CD	Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas texturas e ritmos.	30%	x	x	x								

14. AVALIACIÓN / 2º BAC (HMD)

1. Avaliación inicial

Data de realización:

Con carácter xeral realizarase durante o primeiro mes do curso escolar.

Descrición das probas:

A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas sobre os contidos xerais da materia co fin de determinar o nivel de coñecementos previos do alumnado.

Consecuencias dos resultados:

A avaliación inicial servirá como punto de referencia para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, ás programacións de aula, e a secuenciación de contidos. Así como para tomar as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno/a.

Información ás familias:

Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia e /ou co/a titor/a do grupo, incluso a través do equipo de orientación.

2.- Avaliación continua

Temporalización das probas de avaliación:

Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación. A maiores, o alumnado elaborará traballos escritos e/ou exposicións orais sobre os temas traballados.

Cualificación das probas:

A cualificación de cada proba ou exame calcularase sobre 10 puntos.

En canto á cualificación de cada traballo: unha parte calcularase sobre 10 puntos e outra parte destes valoraranse como positivos (+0,10) ou negativos (-0,10).

O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

No caso de probas de recuperación de contidos a nota será dun 5 se o resultado acadado é dun 5, 6 ou 7; será dun 6 cando o resultado acadado na proba sexa dun 8, 9 ou 10.

A observación directa do traballo do/a alumno na aula cualifícase cunha nota numérica de 0 a 10, en base a datos recollidos no caderno do/da profesor/ra, valorándose o esforzo, interese e actitude así como a calidade do producido polo/a alumno/a en relación cos estándares correspondentes, da actitude positiva cara á materia, hábitos de traballo, asistencia a clase e puntualidade, así como mostrar valores de tolerancia, entre outros...etc.

Media, ponderación e redondeo:

Un 50% corresponderá á nota do exame, ou á media das probas escritas trimestrais.

Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración de traballos escritos ou orais propostos polo/a profesor/a da materia relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais en base ó grao mínimo de consecución dos estándares.

O 20% restante corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa do/da alumno/a na aula.

O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración do esforzo e dedicación do alumnado cara á materia.

Instrumentos de avaliación:

Cuestionarios escritos impresos ou a través da aula virtual, traballos de aula ou tarefas de casa, revisións do caderno de clase das actividades da materia, probas orais (presentacións ou exposicións), probas escritas, resumos e esquemas, liñas cronolóxicas.

Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:

A consecución dun ambiente de concentración no traballo.

O esforzo, a dedicación e actitude do alumno/a nas tarefas e cara a materia.

Actitudes reflectidas nos estándares de aprendizaxe e nos contidos transversais.

Recuperación dunha proba non superada:

Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación. Enténdese que a nota da avaliación é a media de diversas probas e traballos, de xeito que un/unha alumno/a pode compensar unha mala nota nun exercicio mellorando a nota noutra proba.

De non darse esa circunstancia o/a alumno/a poderá facer unha proba de recuperación:

A nota será dun 5 si o resultado da proba de recuperación é dun 5, 6 ou 7. Será dun 6 si o resultado da proba de recuperación é dun 8, 9 ou 10.

Recuperación dunha avaliación non superada:

A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente e unha final no mes de maio para aqueles/as alumnos/as que non superen a media final positiva da materia.

Cualificación da avaliación final ordinaria:

Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións e que a nota media destas sexa superior a cinco. Para determinar a cualificación final terase en conta a media das tres avaliacións, así como a tendencia das cualificacións ao longo do curso, ademais dos aspectos actitudinais dos criterios de cualificación. No caso en que a única avaliación aprobada sexa a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso, valorada cos estándares correspondentes, sexa positiva. No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso, valorada cos estándares correspondentes, sexa negativa.

Aspectos específicos en torno á avaliación

Anulación de probas:

Unha proba terá unha calificación de 0 no caso de que o alumno/a sexa sorprendido tratando de copiar nela, calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.

Tarefas:

A non realización das tarefas encomendadas (calquera que sexa o seu formato) será interpretado como unha manifestación de falta de interese e compromiso cara á materia. Do mesmo xeito a non realización de polo menos o 20% das tarefas encomendadas impide a avaliación positiva na materia.

Terá incidencia negativa ata en 2 puntos na avaliación cando o alumno/a non trouxese o material de traballo a clase de maneira reiterada.

3.- Avaliación final

Proba de avaliación final:

Para o alumno/a que teña unha media das tres avaliacións que non chegue ao 5.

O valor de dita proba será o 50% da nota final. O 50% restante será o acadado polo alumno coa entrega dos traballos propostos polo/a profesor/a.

Criterios para a promoción:

Os recollidos no artigo 23 do Decreto 86/2015, de 25 de xuño.

4.- Avaliación extraordinaria

Procedemento:

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos.

O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

5.- Recuperación e avaliación de pendentos de cursos pasados

Non hai alumnado pendente na materia de HMD este curso.

Anexo COVID

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL.

1.- Avaliación, cualificación, estándares.

Avaliación

Procedementos: Análise de distintas tarefas, traballos e participación do alumnado ou grupo (positivo, en cuarentena...) por medios telemáticos, nas clases por vídeo chamada e/ou nas titorías individuais realizadas, e de chegar a ser posible, semipresenciais.

	Instrumentos: Traballos escritos, cuestionarios en liña, participación nas vídeo-conferencias, probas prácticas ou orais individuais por vídeo chamada.
Cualificación final	Tendo en conta que a avaliación é continua terase en conta as notas da actividade presencial, que se poderán mellorar coa participación nas actividades e tarefas realizadas durante a actividade semipresencial ou non presencial (confinamento ou peche do Centro). A ponderación será de 60% valoración de traballos e 40% proba escrita ou oral (medios telemáticos).
Proba extraordinaria de setembro	Proba escrita cunha estrutura similar ás feitas durante os períodos presenciais.
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	En caso de educación semipresencial dun/ha alumno/a ou grupo: os estándares que se traballen durante o periodo semipresencial. En caso de educación non presencial, de confinamento ou peche do Centro: Os estándares que teñan un valor do 100% na programación.
Adquisición de estándares e competencias non adquiridas no curso 2020/2021	Non procede. Todo o alumnado de Música ten adquiridos os estándares e competencias imprescindibles durante o curso 2020/2021.

2.- Metodoloxía e actividades

Actividades	Traballos escritos, traballos de investigación, de reforzo, repaso, recuperación e ampliación. Propostas para o visionado de vídeos musicáis ou sobre análises traballadas. Propostas para gravación, con interpretación de fruta doce. Lectura e interpretación musical mediante fichas e partituras.
--------------------	---

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía empregada buscará que a aprendizaxe adquirida polo alumno sexa significativa. O/A alumno/a adquirirá os contidos conceptuais e actitudinais necesarios en moitas ocasións a través da axuda dos contidos procedementais, e decir é importante que o alumno adquira vivencias coa música a partir da experiencia. Dita experiencia leva da man por un lado actitudes imprescindibles para a súa realización, e polo outro lado os conceptos necesarios para a súa comprensión.</p> <p>Tratase dunha metodoloxía activa, na que o alumno busca e constrúe o propio aprendizaxe. A música apréndese facendo música (escoita e interpretación), e traballando tamén a teoría dende a práctica.</p> <p>O/A alumno/a con conectividade pode acceder a todo o material da Aula Virtual do centro e descargalo. O/A alumno/a sen conectividade disporá de traballos enviados por correo ou por telefonía móbil. Reunións por videoconferencia webex con convocatoria a través de AbalarMóbil e correo electrónico.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Material da Aula Virtual para 2º de Bacharelato. Libro de texto de referencia DIXITAL (Edixgal) para secundaria. Fichas de teoría, linguaxe musical e partituras da aula virtual. Soportes informáticos: vídeos da aula virtual. Recursos de internet e móbil do/a alumno/a. Plataforma webex.</p>

15. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

1) Aspectos xerais.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece no seu artigo 11 uns principios metodolóxicos que deberán orientar o traballo durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Entre eles préstase unha especial atención á consideración da atención á diversidade, ao favorecemento da capacidade para aprender por si mesmos, ao valor da aprendizaxe en equipo, ao emprego de metodoloxías activas e participativas, ao enfoque multidisciplinar do proceso educativo, á promoción da comprensión da lectura e do uso da información e ao deseño de actividades de aprendizaxe multicompetenciais, como pode ser a metodoloxía pro proxectos. De acordo con ditos principios o departamento de música aposta por unha metodoloxía que fomente aspectos como os seguintes:

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos, estilos de aprendizaxe e capacidades.
- Potenciar as metodoloxías activas: combinar traballo individual e cooperativo.
- A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación.
- A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. .
- Uso habitual das TIC.
- Papel do profesor/a como facilitador do proceso de aprendizaxe.

2) Estratexias metodolóxicas.

- Práctica musical.
- Audición.
- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre compositores, documentos, textos, partituras, prensa, gravacións, vídeos.

- Elaboración de resumos, esquemas, mapas conceptuais comentarios de textos, liñas cronolóxicas...
- Análise e comentario de audicións, vídeos, documentos gráficos, mapas, táboas de datos, partituras...
- Elaboración de esquemas, cadros de resumos, liñas cronolóxicas.
- Realización de traballos de ampliación a partires de contidos impartidos na clase, para presentación oral ou escrita.
- Lectura e práctica rítmica, instrumental ou vocal (con imitacións, pregunta-resposta...).

3) Secuenciación habitual de traballo na aula.

- *Repaso:* de contidos e actividades do día anterior.
- *Explicación do profesor:* introdución de novos contidos. Actividades con pezas musicais relacionadas co tema a tratar.
- *Traballo persoal, realización de actividades:* práctica instrumental, lectura e comprensión de textos, análise de documentos, pequenas investigacións, resposta a preguntas, comentario de audicións e partituras, elaboración de resumos e mapas conceptuais, esquemas, memorización comprensiva.
- *Repaso da actividade do día:* Estudo e interiorización dos aprendizaxes.
- *Avaliación do aprendizaxe:* mediante os instrumentos oportunos (revisión de cadernos, probas escritas ou orais, traballos individuais e en grupo, observación directa do traballo na aula...etc.

4) Aproveitamento do tempo de clase (para o alumnado):

- Seguir o razoamento facéndose e respondendo preguntas (escoita activa).
- Copiar no caderno os esquemas, partituras e comentario de audicións que o profesor faga no encerado.
- Subliñar as ideas e datos máis importantes do texto (de aí sairá o esquema e o resumo posterior).
- Cando o profesor insista en algo, anotalo como MOI IMPORTANTE.
- Corrixir os exercicios que se teñan mal (corrección de deberes).

- Nos tempos de traballo persoal, avanzar o estudo (o punto seguinte).
- Terminar a clase entendendo todo o explicado e feito.

5) Aproveitamento do tempo de traballo na casa (alumnado):

- Repasar a clase revisando o caderno e o libro tentando lembrar algún exemplo e algunha das preguntas que se fixeron na clase.
- Localizar o que se debe memorizar lendo o tema e subliñando as ideas e datos importantes.
- Elaborar un esquema para organizar as ideas e datos importantes para repasar con máis facilidade. Mellor aínda usar os esquemas que fixo o profesor na clase.
- Enriquecer o esquema ata convertelo nun resumo, para que inclúa toda a información.
- Resolver os exercicios propostos (deberes).
- Repasar as audicións co CD do alumno/a. A materia require memorización e moita práctica.

6) Preparación dun exame (alumnado):

- A mellor preparación é o traballo diario, recollido no caderno. Se se foi realizando esquema-resumo a preparación do exame será sinxela.
- Completar os esquemas e estudar as partes novas e/ou resumo completo.
- Ampliar os conceptos que o profesor destacase na clase.
- Realizar os traballos que o profesor/a propón.
- Imaxina o que poden preguntar e tenta resolvelas.
- Busca se anotaches algo como **MOI IMPORTANTE** para repasalo.

16.- COMPETENCIAS.

A materia de Música contribúe de forma directa á adquisición da **competencia en Conciencia e expresións culturais** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e

estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados, respecto ás distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se circunscribe cada obra.

A orientación desta materia permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto a nivel individual como colectivo, que á súa vez estimula a creatividade e a imaxinación. Por outra banda, unha mellor comprensión do feito musical permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Colabora ao desenvolvemento da **competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, mediante o traballo colaborativo. Naquelas actividades relacionadas coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autonomía e a autoestima, sendo estes, factores craves para a adquisición desta competencia.

A Música contribúe tamén á **competencia social e cívica**, a participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade e con iso a valoración dos demais e os trazos da sociedade na que vivimos.

A Música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia dixital**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Como exemplo a realización de vídeos, anuncios, presentacións multimedia etc. Ademais, a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información.

A Música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Por outra banda, todas aquelas actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren da toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e control dos propios procesos.

Respecto á **competencia en comunicación lingüística** a música contribúe, do mesmo xeito que outras materias, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora á integración da linguaxe musical e a linguaxe verbal, e á valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía** xa que a comprensión profunda dos elementos rítmicos, dos fundamentos físicos da onda sonora, ou de conceptos como son analóxico e dixital, adquirese utilizando e relacionando números e proporcións.

A música realiza a súa achega á mellora da calidade do medio ambiente, identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación acústica e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ademais, os contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

17.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

No desenvolvemento da materia traballaranse de forma transversal ao longo do curso e das Unidades Didácticas os seguintes elementos: Bloque de elementos relacionados con aspectos curriculares:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Tecnoloxías da comunicación

Bloque de elementos relacionados coa prevención de:

- A violencia de xénero
- Racismo ou a xenofobia
- Comportamentos e estereotipos que supoñan discriminación sexista
- As situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da información e a comunicación

Bloque de elementos relacionado coa empresa e o traballo:

- Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.

- Fomento da igualdade de oportunidades e o respecto ao/á emprendedor/a e ao/á empresario/a, así como a ética empresarial.

Bloque de elementos relacionados cos semellantes e o contexto:

- A educación cívica e constitucional
- desenvolvemento sostible e o medio ambiente

18. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

1) Libro de texto:

- Edixgal en Secundaria
- Non hai libro de texto para a materia de Historia da Música e da danza en 2º de BAC. Traballarase con fichas, partituras, textos, fotocopias e material dixital proporcionado polo profesorado na clase ou estará a disposición do alumnado na aula virtual.

2) Material do alumnado:

- Caderno.
- Carpeta ou clasificador para gardar o material (partituras, fichas, textos...) entregados polo/a profesor/a.
- Bolígrafos e material de escritura.
- Instrumento musical (fruta doce).

3) Recursos didácticos.

- Traballo de práctica rítmica e instrumental. O alumnado entende mellor a teoría se ó mesmo tempo pode experimentar na práctica os conceptos que estamos tratando.

4) Aulas.

- **Aula de música:**

O Centro educativo dispón dunha aula específica para impartir a materia de música, equipada con instrumentación Orff, piano eléctrico, ordenador, equipo de música e canón proxector. **Debido a actual situación sanitaria non todas as clases de música se impartiran na aula de referencia.**

- **Aula virtual:**

A aula virtual constará de cursos para cada nivel da materia e será a través dela onde se ofrezca boa parte do material de música. Ofrecerá información adicional dos temas abordados na clase e incluso enlaces de interese a contidos dixitais relacionados coa materia (textos, partituras, fotos, vídeos, arquivos de audio, actividades para realizar...).

19. PLAN ANUAL DE LECTURA

Ademais de colaborar co Proxecto Lector do Centro en todas as actividades que aproba o Claustro, dende o Departamento de Música, fomentamos a lectura e a escritura entre o noso alumnado.

1.-**Hola de Ler.**

Realizamos a Hora de Ler nos cursos de ESO, cando nos corresponde no horario semanal, dedicando a media hora marcada e nalgúns ocasións toda a hora.

Cada alumno/a trae á aula o libro de lectura.

2.- **Lectura da propia materia.**

Realizaranse lecturas comprensivas dos textos da propia da materia no desenvolvemento das clases de música matizando a dicción, a expresión e sobre todo a comprensión lectora.

Introduciranse materiais de lectura referidos a temas puntuais, de modo que se suscite o interese polo mundo no que viven.

3.- **Atención á expresión oral e escrita.**

Coidamos a expresión oral e escrita, corrixindo as faltas de ortografía e atendendo á redacción e á expresión (presentación do caderno de actividades dos/as alumnos/as e dos traballos presentados).

20. OUTRAS AVALIACIÓNS

a. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

Indicadores de logro	Escala			
Proceso de ensino	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Indicadores de logro	Escala			
Práctica docente	1	2	3	4

1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os/as alumnos/as con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc., establécense vinculadas aos estándares?				
14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...?				

b. Avaliación da programación didáctica.

1) Mecanismo de revisión.

- ✓ Con que periodicidade se revisará?

Con carácter mensual, coincidindo coas reunións establecidas no departamento.

- ✓ Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

As medidas a desenvolver son, dependendo dos motivos do desfase, axustar ou modificar os elementos da programación (temporalización, secuenciación, contidos, etc.) segundo as necesidades detectadas ao longo do curso.

2) Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica.

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
Indicadores de logro				
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				

14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

➤ **Observacións:**

.....
.....

21. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No apartado dedicado á metodoloxía, xa e puxo de manifesto a atención á diversidade, a construción do coñecemento partindo da competencia inicial do alumnado e o respecto aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe porque son elementos básicos da nosa práctica metodolóxica.

De conformidade con estes aspectos e en estreita colaboración co departamento de orientación e o/as titores/as, o profesorado do departamento de música tomará en cada momento as medidas que se consideren máis axeitadas para cubrir as necesidades específicas de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, dentro das limitacións que o tempo, o tamaño das aulas e a amplitude dos currículos imponen á nosa tarefa docente.

a) Medidas Ordinarias de atención educativa:

Estas medidas desenvolveranse con alumnos/as que teñan algunha circunstancia que lles impida seguir o ritmo ordinario da clase. Terán como referencia os obxectivos do curso no que o/a alumno/a estea escolarizado/a. Estas medidas poderán afectar á metodoloxía, á organización, á adecuación das actividades, á temporalización e á adaptación das técnicas, tempos e instrumentos de avaliación, así como aos medios técnicos e recursos materiais que permitan acceder ao/á alumno/a con necesidade específica de apoio educativo ao currículo da etapa. En todo caso estas medidas tomarán como referencia os criterios de avaliación establecidos con carácter xeral.

b) Medidas de Reforzo Educativo:

Estas medidas estarán dirixidas ao/á alumno/a que presente problemas ou dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo e que non desenvolven convenientemente os hábitos de traballo e estudo, o/a alumno/a que promocióne con materias pendentes e aqueles/as que presenten algunha outra circunstancia que, a xuízo do/da titor/a e o departamento de Orientación xustifiquen convenientemente a súa inclusión nestas medidas. Estas medidas que serán individualizadas, adaptándose ás características persoais do/da alumno/a.

c) Medidas especializadas de atención educativa:

- **Adaptacións de acceso ao currículo.**
- **Adaptacións curriculares significativas.**
(ACS) para aqueles/as alumnos/as con necesidades educativas especiais. Estas medidas afectan aos elementos considerados preceptivos do currículo, entendendo por estes os obxectivos, contidos e criterios de avaliación da presente área/materia e polo tanto ao grao de consecución das competencias básicas. Estas adaptacións tomarán como referencia os criterios de avaliación establecidos nas mesmas.

Medidas de atención á diversidade para o presente curso.

- Materiais e recursos didácticos diferenciados no de caso de alumnado con adaptación curricular individualizada ou outra causa xustificada.
- Adaptación metodolóxica tanto aos que contan con ACI como aos que non, con causa xustificada.
- Adaptación de tempos e/ou instrumentos de avaliación, tanto para ACI como se existe outra causa que o xustifique, como é o caso de alumnado con altas capacidades.

a. Medidas ordinarias.

ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>1. Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún/ha alumno/a ou grupo?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si <p>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si. <p>b) Espazos diferenciados?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aula de Apoio. <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si, para alumnos con reforzos. <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non. <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si. <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si, na aula de Apoio <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p> <p>Realizar as tarefas que lle encomende o profesor correspondente. Se non indica tarefas, na propia aula existe material para traballar.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún/ha alumno/a/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si. <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún/ha alumno/a?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si. <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si, exentos de francés (castelán e galego) <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non. <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si. <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si.

b. Medidas extraordinarias.

ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non. <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non. <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non, pero contéplase esa medida para casos de COVID. 	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non. <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non. <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si, en 2º ESO e en 3º ESO <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non. <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc.)</p> <p>O reforzo que se está a desenvolver co alumnado da materia é aplicado polo propio profesor dentro da aula.</p>

22. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debido á crise sanitaria que estamos a vivir, o criterio do Departamento o presente curso escolar é evitar calquera actividade extraescolar que poda supoñer risco para a saúde dos/as nosos/as estudantes e familias. Razón pola que de momento non se contemplan actuacións públicas, concertos no centro ou saídas, a menos que estas conten con toda a garantía de seguridade. Dependemos tamén para isto das propostas/actividades que as diferentes entidades oferten ó longo do curso, así como das indicacións das autoridades sanitarias para poder levalas a cabo.

23. DATOS DO DEPARTAMENTO

Xefatura: Maria Luisa Carro Cabaleiro

Carmen Sarmiento Marqués (Directora do Centro)

Corpo: Profesoras de ensino secundario

Período de xefatura: **curso 2021/2022**

Reunión semanal

Día: martes

Hora: 11:35 h

Materias impartidas polo departamento

Cursos/Grupos:

MÚSICA: 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO; Hª da MÚSICA E DA DANZA 2º BAC.

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Música	2º ESO		Maria Luisa Carro Cabaleiro
Música	3º ESO		Maria Luisa Carro Cabaleiro
Música	4º ESO		Maria Luisa Carro Cabaleiro
Hª da Música e da Danza	2º BAC		Maria Luisa Carro Cabaleiro

24. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

ELEMENTOS	ASPECTOS	PÁXINA
a	Introdución e contextualización	
b	Contribución ás competencias básicas	
c	Concreción dos obxectivos para curso	
d	Concreción para cada estándar	
	1º.- Temporalización	
	2º.- Grao mínimo de consecución	

	3º.- Procedementos e instrumentos avaliación	
e	Concrecións metodolóxicas	
f	Materiais e recursos didácticos	
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	
h	Indicadores de logro para avaliar o proc.ensino e p.d.	
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	
k	Avaliación inicial e medidas	
l	Medidas de atención á diversidade	
m	Concreción de elementos transversais	
n	Actividades complementarias e extraescolares	
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	